



## GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NUÑEZ, voceiro do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, instando ao goberno do concello a **REDACTAR UN PROXECTO DE REFORMA E ACOMETER AS OBRAS NECESARIAS PARA PERMITIR UN VERDADEIRO USO COMO ZONA DE LECER DA PRAZA DA CASTAÑA.**


### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños da zona e os pontevedreses en xeral saben que a praza da Castaña foi un espazo de lecer, para a xente maior, e de xogo, para os cativos, que se xuntaban arredor dos castiñeiros que lle daban nome.

Hai só seis anos, en 2009, foi sometida a unhas obras de reforma que serviron de excusa para cortar as árbores existentes e transformala de vez.

A pesar de que os veciños presentaron un milleiro de sinaturas e de que recibiron a promesa da reforma do proxecto inicial, a praza acabou convertida nun espazo sen uso e desértico presidido por un montículo de acceso imposible e uns bancos incómodos para as persoas.

En suma, a praza da Castaña é o símbolo dunha reforma urbana, a da contorna de Santa Clara, feita de costas aos veciños e sen pensar no seu lecer. Por iso debe definirse unha alternativa, de moi pouco custo, que permita devolvela para uso e gozo das persoas.



Vista aerea da praza da Castaña (proposta da Marea)



Vista panorámica da praza da Castaña (proposta Marea)

A necesaria rectificación de algo mal feito leva a MAREA PONTEVEDRA a presentar a seguinte  
PROPOSICIÓN

**-Instar ao Goberno municipal a encargarlle aos equipos técnicos do concello a redacción dun proxecto de reforma da praza da Castaña.** Seguindo as suxestións feitas no seu día polo movemento veciñal, suprimiríase o actual montículo e plantaríase un castiñeiro central, cuns bancos rodeando o seu tronco. Ademais, incluíría un parque infantil e unha bancada simétrica, recuperando bancos do estilo dos de pedra desaparecidos na praza da Verdura.

Pontevedra, 7.12.2015

Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez